

Expto: 2200-232  
De lixeira: 30-11-2023

Órgano de selección "Diplomado/a en Traballo Social"

CONCELLO  
DE VIGO



### ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS

O día 20/11/2023, reuniuse e acordou o Tribunal Cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir tres prazas de Diplomado/a en Traballo Social incluídas na OEP 2017-2018-2019 fase 3ª, os seguintes puntos da convocatoria.

#### A) MOTIVACIÓN DAS ALEGACIÓNS E IMPUGNACIÓNS PRESENTADAS.

##### PRIMEIRO. Alegación presentada por C.P.M. (cód. Solicitud W980988-1347).

Impugna esta aspirante a pregunta numerada como 51 por considerar que non pertence ao temario oficial desta proba. Para sustentar isto acompaña copia do índice dun manual no que se aprecia unha determinada estrutura no tratamento das institucións, figuras e do dereito da Unión europea («Instituciones y derecho de la Unión Europea», da autoría de Araceli Mangas Martín e Diego J. Liñán Nogueras, ed. Tecnos, 6ª ed, Madrid, 2010).

A reclamante sinala que o tema que no proceso selectivo se refire á Unión Europea, non contempla as Directivas. A reclamación enténdese que interpreta de modo moi restrictivo que as preguntas formuladas no exercicio tipo test só poden ter por obxecto cuestións nominalmente recollidas no enunciado de cada tema.

Non se comparte esta interpretación, xa que a pregunta efectuada garda relación coa materia obxecto do tema 2, e a resposta á pregunta se relaciona cos temas 9 e 10 do mesmo temario, parte xeral. O tema 2 ten unha redacción aberta, igual que os numerados como 1 e 3, como corresponde aos temas da parte xeral. Estes temas pretenden un nivel de coñecementos mínimo das persoas aspirantes á función pública sobre tales materias, e no caso da pregunta impugnada, as Directivas son o produto normativo de dúas das institucións da Unión Europea como son o Consello e o Parlamento, por regra xeral.

As institucións son obxecto expreso de mención no enunciado dese tema, así como as competencias das institucións da Unión Europea. Segundo o art. 288 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, «Para exercer as competencias da Unión, as institucións adoptarán regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames». Polo tanto, a relación entre a Directiva como figura, e as Institucións e as súas competencias é evidente e conta con respaldo na normativa europea.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/11/2023 14:53	Páxina 1 de 5
41046-220	CSV: A2A636-5A5ACH-D7EF5C-KKA4EK-S7814B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Órgano de selección "Diplomado/a en Trabajo Social"

CONCELLO  
DE VIGO



A maior abondamento, que as Directivas precisan de desenvolvemento é unha cuestión coñecida, de tipo básico, e indicada mesmo na denominación doutras normas de rango legal -estatal-, como a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A mera revisión desa norma, que rexe o contido dos temas 9 e 10 deste temario xeral, e polo tanto, obxecto do primeiro exercicio igualmente, ofrecía a resposta á pregunta formulada, polo que esta alegación, de conformidade co anteriormente exposto, se desestima.

#### SEGUNDO. Alegación presentada por L. R. S. (W981040-9192).

Solicita esta persoa a exhibición/acceso ao seu exercicio, posto que non concordan as respostas e resultado publicado co que manexa, tendo en conta que ao finalizar o primeiro exercicio se permitiu a retirada do exercicio de cada aspirante para cotexar cos resultados publicados.

Se estima esta solicitude e se lle notificará copia do acordo do órgano de selección xunto co resultado do seu exercicio procesado polo sistema.

#### TERCEIRO. Alegación presentada por L.P.M. (W981085-5907).

No seu escrito de impugnación alega con respecto ás preguntas numeradas como 15 e 30. Da 15 considera que é válida a opción «d», no canto da «c», ou ben anular esa pregunta. E con respecto á 30, que a opción válida sexa a da opción «a», ou ben que se anule a pregunta.

Primeiramente, e con respecto á pregunta número 15, non cabe aceptar a alegación presentada á vista de que a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 5 recolle expresamente os titulares do dereito ao acceso aos servizos sociais quedando redactado da seguinte maneira:

«1. Tendrán dereito de acceso al sistema gallego de servicios sociales las ciudadanas y ciudadanos de los estados miembros de la Unión Europea empadronados en un ayuntamiento de Galicia, que tendrán derecho a participar en los diferentes programas, servicios y prestaciones del sistema en función de la valoración objetiva de sus necesidades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/11/2023 14:53	Páxina 2 de 5
41046-220	CSV: A2A636-5A5ACH-D7EF5C-KKA4EK-S7814B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Órgano de selección "Diplomado/a en Trabajo Social"

CONCELLO DE VIGO



2. Las personas extranjeras empadronadas en cualquier ayuntamiento de Galicia podrán acceder al sistema gallego de servicios sociales de acuerdo con lo establecido en la legislación vigente y, en su caso, tratados y convenios internacionales que resulten de aplicación.

3. Además, tendrán derecho a las prestaciones y servicios regulados en la presente ley todas aquellas personas que, sin estar en los supuestos anteriores, se encontraran en estado de necesidad o en situación de emergencia social o humanitaria.

4. Las gallegas y gallegos residentes fuera de Galicia y su descendencia tendrán derecho a las prestaciones reguladas en la presente ley cuando, al tener necesidad de atención, les sirva de medio para su retorno definitivo, en los términos que reglamentariamente se establezcan.»

Polo tanto, a resposta indicada é a correcta, e se responde polo propio contido do precepto legal.

En relación á alegación á pregunta 30, cómpre indicar que o Manual de Trabajo, Información e Asesoramento en Servizos Sociais (MATIASS), establece literalmente con relación á historia social; «A historia social está composta de varios documentos: ficha social, proxecto de intervención social e informe social, así como aqueles documentos que reflicten o seguimento das intervencións, e os que avalan a información contida na historia:

- Documentos persoais utilizados no proceso de diagnóstico social.
- Certificados.
- Ditames doutros profesionais.
- Escalas aplicadas para determinar a necesidade diagnóstica.
- Solicitudes de soporte e recursos.
- Informes sociais internos e externos.
- Follas de seguimento.
- Outros (Ficha relacional, Xenograma, Ecomapa, Rexistros de entrevistas...))»

O enunciado da pregunta recolle; "A historia social está composta de varios documentos, **entre eles:**". En ningún momento se trata de que teña necesariamente que compoñerse de todos eles, senón que entre eles están a opción a) Ficha social, proxecto de intervención social e informe social b) Documentos persoais utilizados no proceso de diagnóstico social, c) Escalas aplicadas para determinar a necesidade diagnóstica, e polo tanto a opción d), onde se indica que todas as respostas son correctas é a válida, polo que se desestima a súa alegación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/11/2023 14:53	Páxina 3 de 5
41046-220	CSV: A2A636-5A5ACH-D7EF5C-KKA4EK-S7814B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Órgano de selección "Diplomado/a en Trabajo Social"

CONCELLO  
DE VIGO



**CUARTO. Alegación presentada por T.V.P. (W981567-3522).**

Impúgnase a pregunta número 11, por considerar que a formulación da mesma non é correcta, xa que a opción que ademais do número do artigo correcto menciona o título e o capítulo da lei (Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local) é tan válida como a que só indica o número.

Esta alegación debe estimarse, posto que a mención na pregunta ao título e ao capítulo sería igualmente válida que a referida unicamente ao número do artigo. Por razóns de homoxeneidade e seguridade, se anula esta pregunta, operando a primeira de reserva.

**QUINTO. Alegacións presentadas por M.A.A.G. (W981727-3550 e W981751-6007).**

A alegación que se presenta por esta aspirante refírese á pregunta número 42, e expón que as opcións de resposta a esta pregunta non son correctas, posto que trala entrada en vigor dunha nova norma (R.D. 888/2022, do 18 de outubro) a resposta sería, conforme ás novas regras, diferente.

Procede a estimación da alegación, anulando a mesma, e operando a segunda pregunta das de reserva. As diferentes datas de aprobación das primeiras bases, do programa específico corrixido (BOPPO 7/12/2022), e a norma referida (BOE 20/10/2022), xunto coa súa entrada en vigor efectiva (D.F. 3ª, aos seis meses da publicación no BOE), determinan que a pregunta non se formulou co debido rigor, polo que se estima a alegación.

**B) ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN**

En atención ao exposto, o órgano de selección acorda estimar as tres alegacións motivadas nos apartados anteriores, das que dúas nomeadamente comportan que as preguntas numeradas como 51 e 52 do primeiro exercicio puntúen -de reserva-, o que implica unha nova valoración dos exercicios.

Acordo que se publicará e se notificará ás persoas interesadas, con indicación da presentación de recurso de alzada conforme ás bases.

Para recalcular as cualificacións tendo en conta a alteración nas mesmas porque operan dúas preguntas de reserva, solicítase de novo ao persoal de asistencia de Administración Electrónica que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/11/2023 14:53	Páxina 4 de 5
41046-220	CSV: A2A636-5A5ACH-D7EF5C-KKA4EK-S7814B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Órgano de selección "Diplomado/a en Trabajo Social"

CONCELLO DE VIGO



proceda a empregar o mesmo sistema informático para publicar o resultado do exercicio estimadas as dúas alegacións que implican alteración nos resultados iniciais.

Vigo, data segundo sinatura dixital.

O Secretario do órgano de selección

**DILIGENCIA:** Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 30-11-2023  
El Secretario General  
P.A.

El Jefe del Registro General.

Jose Manuel González Ucha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/11/2023 14:53	Páxina 5 de 5
41046-220	CSV: A2A636-5A5ACH-D7EF5C-KKA4EK-S7814B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



SECRETARÍA DE ECONOMÍA

ESTADOS UNIDOS MEXICANOS

DECLARACIÓN: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón Oficial de Anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

El Jefe del Registro General  
El Secretario General  
El Jefe del Archivo General

